

VISITA PASTORAL Á PARROQUIA DE SAN MARTIÑO DE BELESAR

A Visita Pastoral á parroquia de San Martiño de BELESAR (arciprestado da Terra Chá) tivo lugar, tal e como estaba programada, o domingo, día catorce de decembro deste ano do Señor de 2025, para as once da mañá. Xa despois da dez e media comezaron a chegar os primeiros fregueses. Algúns esperaron no pórtico que hai ó lado do templo e outros, entraron xa para dentro da igrexa. Pouco antes das once mañá, chegou o señor bispo que foi saudando persoalmente a cada un dos fregueses que estaban no adro. Entrou para o templo e saudou ós que estaban dentro. Xa no presbiterio, o párroco deulle a benvida á parroquia de Belesar en nome del e de todos os fregueses, como pastor, abríndolle o templo, as casas e os corazóns. E a continuación o párroco presentou a don Fernando García Cadiñanos, ofrecendo uns datos biográficos. O templo estaba ateigado de fieis.

Despois de revestirse cos ornamentos sagrados para a celebración da Eucaristía, deu comezo a celebración litúrxica da Eucaristía na que participaron activamente os nove nenos e nenas da catequese e outros xa confirmados en anos anteriores lendo monicións, as lecturas, a oración dos fieis, presentación das ofrendas...

Despois da lectura do Evanxeo, tivo lugar a homilía na que don Fernando explicou, nunha linguaxe adaptada ós nenos, os signos visibles do bispo como o báculo, a mitra e o anel, partindo da vidrieira policromada que hai nun pequeno rosetón na fachada da igrexa. Tamén explicou o que é e supón a Visita Pastoral ás distintas parroquias da diocese. Rematada a homilía todos os fieis asistentes renovaron das promesas do bautismo, que fixeron no seu día os seus pais e padriños sendo despois asperxidos polo bispo con auga bendita en lembranza do bautismo.

A continuación, despois da oración dos fieis que fixeron os nenos e nenas da catequese, tivo lugar a presentación das ofrendas que consistiron nun carro pequeno que levaba varios produtos da terra (producidos en Belesar) e coa presentación do pan e do viño para a Eucaristía, que foron portados por nenos e nenas da catequese. Continuou a celebración da Misa. No rezo do Noso Pai o bispo pediu que todos fixesen o compromiso de rezar cada día o Noso Pai, a única oración que Cristo nos ensinou.

Despois da comunión na que participaron bastantes fieis, fíxose unha oración de acción de grazas. Acabou a Eucaristía cun canto á Virxe María

Unha vez rematada a Eucaristía fomos ata o cemiterio parroquial, que está ó pé do templo, onde se fixeron unas preces e se rezou o Noso Pai polos defuntos. Alí o bispo tamén lles explicou o significado da palabra "cemiterio".

O bispo tamén saudou a Ana, a catequista de dous grupos: do segundo curso e do primeiro para a comunión. O párroco encárgase do grupo de confirmación. Hai que sinalar que animou a parte musical o fillo desta parroquia, agora residente en Ferrol, José Antonio Ladra, que ven sempre que hai unha festa na parroquia: patrón, primeiras comunións e confirmacións. Con isto quíxose significar que a Visita Pastoral é tamén unha festa importante.

Finalmente, hai que sinalar que todos os asistentes marcharon contentos salientando a cercanía e sinxeleza de don Fernando, que se despediu de todos.

VISITA PASTORAL Á PARROQUIA DE SAN MARTIÑO DE DISTRIZ

A Visita pastoral á parroquia de San Martiño de DISTRIZ (arciprestado da Terra Chá) celebrouse, tal e como estaba programada, o domingo, día catorce de decembro deste ano do Señor de 2025, para as doce e media da mañá.

A esa hora o señor bispo, don Fernando García Cadiñanos, chegou procedente da veciña parroquia de San Martiño de Belesar, que visitou ese mesmo día. Empezou saudando persoalmente un por un a cada un dos asistentes que o agardaban no adro. Xa dentro do templo, que estaba cheo de fieis, unha vez que se revestiu cos ornamentos litúrxicos, xa no altar, foille dada ó señor bispo polo párroco a benvida a esta parroquia de San Martiño de Distriz que o acolheu coma o seu pastor abríndolle, ademais do templo, as casas e os corazóns. A continuación o párroco fixo unha semblanza biográfica de don Fernando.

Na Eucaristía, que se celebrou a continuación, participaron activamente os rapaces e rapazas que está asistindo á catequese coa que a catequista María e o párroco os preparan para a Confirmación. A parte musical foi animada por José Antonio Ladra, que ven sempre que hai una festa: polo patrón, polas primeiras comunións, pola confirmación.

As monicións e oración dos fieis foron feitas polos rapaces e rapazas da catequese. As lecturas da Palabra de Deus polas persoas maiores que as len todos os domingos.

Despois da lectura do Evanxeo, tivo lugar a homilía na que don Fernando falou do que era Visita Pastoral e o que supón ou debe supoñer para cada un dos fieis. Resaltou tamén a importancia da oración na vida cristiá e propuxo que cada un rezase, polo menos unha vez ó día un Noso Pai como compromiso da Visita Pastoral.

Unha vez rematada a homilía, todos os asistentes renovaron as promesas do bautismo que fixeron, no día do seu bautismo, os pais e os padriños. Fíxose contestando “si creo” ás distintas preguntas que lles fixo o señor bispo. Logo o bispo polo pasillo central foi asperxendo con auga benfita a cada un dos asistentes en lembranza do seu bautismo.

Despois da oración dos fieis, que fixeron os rapaces e rapazas da catequese, tivo lugar a presentación das ofrendas, feita por tres persoas maiores. Nun carriño pequeno presentaron ó Señor uns froitos da terra, colleitados en Distriz, e presentaron o pan e o viño que se van converter no Corpo e no Sangue de Cristo. Continuou a Eucaristía. Despois da comunión na que participaron moitos fieis, unha rapaza deu as grazas a Deus. Rematou a Eucaristía cun canto a Nosa Señora, á Virxe María.

A continuación saíuse para o cemiterio, que está ó pé da igrexa, onde se fixeron unhas preces e se rezou un Noso Pai e unha oración final polos defuntos. Tamén lles explicou o significado da palabra cemiterio

O bispo foise despedindo de todos e cada un dos asistentes que se foron para as súas casas moi contentos e felices polo encontro co seu pastor, salientando, sobre todo, a súa sinxeleza, a súa cercanía e o seu agarimo.

O Bispo, acompañado da catequista e o seu esposo e o párroco foron xantar ó restaurante A nova ruta, a onde acudiu tamén o arcipreste da Terra Chá, Juan Manuel Basoa e o Vicario parroquial de Vilalba, Alexander.

VISITA PASTORAL Á PARROQUIA DE SANTA MARÍA DE SOEXO

A Visita pastoral á parroquia de Santa María de SOEXO (arciprestado da Terra Cha) celebrouse, tal e como estaba prevista, o domingo, día catorce de decembro deste ano do Señor de 2025, ás cinco da tarde.

Antes da hora fixada xa estaban no adro varios fieis. En canto chegou o señor bispo foi saudando a un por un ós alí congregados. Xa no templo e unha vez que bispo se revistiu cos ornamentos sagrados, deu comezo a celebración litúrxica propia do III domingo de Advento. O párroco deulle a benvinda a don Fernando, o pastor da Igexa diocesana de Mondoñedo-Ferrol, en nome dos fieis da parroquia e en nome propio. Logo fixo unha lembranza biográfica do señor bispo e a continuación comezou a celebración eucarística. As lecturas foron feitas por rapaces e rapazas da parroquia.

Rematada a lectura do Evanxeo polo párroco, o señor bispo dirixiuse a todos os presentes falando da Visita Pastoral explicándolles o que leva consigo na renovación da vida Cristiá resaltando tamén a importancia da oración na vida cotiá dos cristiáns. E propuxo ós fieis o rezo, cada día, como mínimo do Noso Pai, a oración que Xesús nos ensinou.

Despois da homilía todos os asistentes fixeron a renovación da profesión de fe contestando “si creo” ás preguntas que lles fixo o señor bispo, lembrando así o seu propio bautismo no que a fixeron os pais e os padriños por cada un dos bautizados. O bispo baixou ata o fondo da igrexa asperxendo con auga bendita a todos os fieis, en recordo do propio bautismo. De seguido na oración universal pediuse polas necesidades da igrexa, do mundo, da parroquia e de todos os homes e mulleres do mundo.

As ofrendas dos froitos da terra e do pan e do viño para a Eucaristía foron presentas por tres persoas maiores. Continuou a celebración da Misa e ó rematar a comunión que recibiron varias persoas, unha rapaza fixo unha oración de acción de grazas. E rematou a celebración cun canto á Virxe María, que é a patrona desta parroquia.

Unha vez rematada a Eucaristía foise ata o cemiterio parroquial, situado ó pé do templo, onde houbo unhas preces e o rezo do Noso Pai polos defuntos da parroquia. O bispo aproveitou para explicar o significado da palabra cemiterio como dormitorio na espera da resurrección final.

Despois fixéronse unas fotografías como memoria desta Visita Pastoral para a historia da parroquia. A parte musical foi animada por José Antonio Ladra, que ven sempre que hai una festa: polo patrón, polas primeiras comunións, pola confirmación.

Rematado todo, don Fernando despediuse de todos os asistentes á celebración da Visita Pastoral. Os fieis asistentes comentaban o cercano que era este bispo, que falaba con todos e saudaba a todos con moito agarimo.

VISITA PASTORAL Á PARROQUIA DE SANTA MARÍA DE GONDAÍSQUE

A Visita pastoral á parroquia de Santa María de GONDAÍSQUE (arciprestado da Terra Cha) celebrouse, tal e como estaba prevista, o domingo, día vinte e un de decembro deste ano do Señor de 2025, ás dez e media da mañá. Amenceu un día chuvioso e moi frío. Non pasou en todo o día o termómetro de 2 graos, ó principio mesmo caía auga neve. Pero isto non foi óbice para que participara un pouco máis da metade da poboación da parroquia que non chega ós cincuenta habitantes.

Esperaron a chegada do señor bispo na porta da igrexa en un pórtico cuberto que hai ó pé do templo. O bispo foi saudándoos a todos e a todas un por un. Logo entraron todos no templo. Unha vez que o bispo puxo a alba coa estola e veu para diante do altar, o párroco deulle a benvinda á parroquia de Santa María de Gondaísque dicíndolle que o acollían como pastor abríndolle as portas do templo, das casas e os corazóns. Logo o párroco fixo unha pequena biografía de don Fernando para que coñecesen onde nacera e demais datos biográficos así coma os estudos que fixera e as actividades pastorais que desempeñara na súa diocese de Burgos onde nacera.

A continuación procedeuse á lectura da Oración da Visita Pastoral por un laico e o párroco proclamou o Evanxeo do domingo IV de Advento. Unha vez rematada a lectura do Evanxeo, o bispo na súa homilía explicoulles os fieis o que era a Visita Pastoral e porque había que facela. É unha maneira de que o bispo coñeza ós seus fieis cristiáns e os invite a profundizar máis no compromiso Cristián e tamén é ocasión para que eles coñezan ó seu pastor. Tamén invitou a todos e a toas os asistentes a que, como froito da Visita Pastoral, se comprometesen a rezar cada día o Noso Pai

Unha vez rematada homilía, procedeuse á renovación das promesas do bautismo por parte de todos os presentes que foron respodendo “si creo” a cada unha das preguntas que lles fixo o señor bispo e logo foron asperxidos con auga bendita por parte do bispo en recordo do seu bautismo.

Logo rezouse o Noso Pai e recibiron a bendición do bispo e rematouse cun canto á Virxe María que é a patrona desta parroquia.

Dadas as condicións climatolóxicas, non se puido ir ó cemiterio, pero fíxose dentro templo unha oración polos defuntos que rematou co Noso Pai. A parte musical foi animada por José Antonio Ladra, que ven sempre que hai unha festa: polo patrón, polas primeiras comunións, pola confirmación.

Como fóra chovía e xa empezaba a nevar, fíxose adentro do templo, a fotografía de lembranza desta Visita Pastoral. O bispo despediu persoalmente a cada un dos asistentes que, dadas as condicións climáticas, axiña se foron para as súas casas.

VISITA PASTORAL Á PARROQUIA DE SANTA MARÍA MAIOR DE TARDADE

A Visita pastoral á parroquia de Santa María Maior de TARDADE (arciprestado da Terra Cha) celebrouse, tal e como estaba prevista, o domingo, día vinte e un de decembro deste ano do Señor de 2025, ás once e media da mañá. Amenceu un día chuvioso e moi frío. Nos pasou en todo o día o termómetro de 2 graos, ó principio mesmo caía auga neve para despois xa nevar. Pero isto non foi óbice para que participara case a metade da poboación da parroquia que ronda os cincuenta habitantes.

Esperaron a chegada do señor bispo dentro do templo. O bispo foi saudándoos a todos e a todas un por un. Unha vez que o bispo puxo a alba coa estola e veu para diante do altar, o párroco deulle a benvinda á parroquia de Santa María Maior de Tardade dicíndolle que o acollían como pastor abríndolle as portas do templo, das casas e os corazóns. Logo o párroco fixo unha pequena biografía de don Fernando para que coñecesen onde nacera e demais datos biográficos así coma os estudos que fixera e as actividades pastorais que desempeñara na súa diocese nativa de Burgos.

A continuación procedeuse á lectura da Oración da Visita Pastoral por un laico e o párroco proclamou o Evanxeo do domingo IV de Advento. Unha vez rematada a lectura do Evanxeo, o bispo na súa homilía explicoulles os fieis o que era a Visita Pastoral e porque había que facela. É unha maneira de que o bispo coñeza ós seus fieis cristiáns e os invite a profundizar máis no compromiso cristián e tamén é ocasión para que eles coñezan ó seu pastor. Tamén invitou a todos e a todas os/as asistentes a que, como froito da Visita Pastoral, se comprometesen a rezar cada día o Noso Pai, oración que Xesús nos ensinou

Unha vez rematada homilía, procedeuse á renovación das promesas do bautismo por parte de todos os presentes que foron respondendo “si creo” a cada unha das preguntas que lles fixo o señor bispo e logo foron asperxidos con auga bendita por parte do bispo en recordo do seu bautismo.

Logo rezouse o Noso Pai e recibiron a bendición do bispo e rematouse cun canto á Virxe María que é a patrona desta parroquia.

Non se puido ir ata o cemiterio dado o mal tempo que facía polo que se rezaron unhas preces, un Noso Pai e unha oración polos defuntos da parroquia. A parte musical foi animada por José Antonio Ladra, que ven sempre que hai una festa: polo patrón, polas primeiras comunións, pola confirmación.

Como fóra chovía e xa empezaba a nevar, fíxose dentro do templo, a fotografía de recordo para posteridade desta Visita Pastoral. O bispo despediu persoalmente a cada un dos asistentes que, dadas as condicións climáticas, axiña se foron para as súas casas, pois a temperatura do exterior era de dous graos.

Logo o señor bispo acompañado dos asistentes que quixeron ir achegáronse á capela da Virxe de Tardade que alí se venera onde se rezaron todos os asistentes a *Oración do romeiro* que escribiu o poeta e sacerdote Xosé María Chao Ledo.

Non obstante, aínda que as condicións climáticas non eran as mellores, os asistentes marcharon contentos, sobre todo, polo agarimo que lles mostrou o bispo.

VISITA PASTORAL Á PARROQUIA DE SAN XIAO DE CAZÁS

A Visita pastoral á parroquia de San Xiao de CAZÁS (arciprestado da Terra Cha, concello de Xermade) celebrouse, tal e como estaba prevista, o domingo, día vinte e un de decembro deste ano do Señor de 2025, ás doce e media da mañá. Amenceu un día chuvioso e moi frío. Non pasou en todo o día o termómetro de 2 graos, ó principio mesmo caía auga neve para despois xa nevar. Pero isto non foi óbice para que participara un número importante de fieis, que pese ás inclemencias meteorolóxicas, acudisen ata o templo.

A esa hora o señor bispo, don Fernando García Cadiñanos, chegou procedente da veciña parroquia de Santa María Maior de Tardade, que visitou ese mesmo día. Empezou saudando persoalmente un por un a cada un dos asistentes que o agardaban no pórtico de entrada. Xa dentro do templo, que estaba cun bo grupo de fieis, unha vez que se revestiu cos ornamentos litúrxicos, xa no altar, foille dada ó señor bispo polo párroco a benvinda a esta parroquia de San Xiao de Cazás que o acolleu coma o seu pastor abríndolle, ademais do templo, as casas e os corazóns. A continuación o párroco fixo unha breve semblanza biográfica de don Fernando.

Na Eucaristía, que se celebrou a continuación, participaron activamente os rapaces e rapazas da parroquia. A parte musical foi animada por José Antonio Ladra, que ven sempre que hai una festa: polo patrón, polas primeiras comunións, pola confirmación.

Despois da lectura do Evanxeo, tivo lugar a homilía na que don Fernando falou do que era Visita Pastoral e o que supón ou debe supoñer para cada un dos fieis. Dixo que os cristiáns tiñan que ser as mans, a cabeza e o corazón de Cristo. Resaltou tamén a importancia da oración na vida cristiá e propuxo que cada un rezase, polo menos unha vez ó día un Noso Pai como compromiso da Visita Pastoral.

Unha vez rematada a homilía, todos os asistentes renovaron as promesas do bautismo que fixeron, no día do seu bautismo, os seus pais e os seus padriños. Fíxose contestando “si creo” ás distintas preguntas que lles fixo o señor bispo. Logo o bispo polo pasillo central foi asperxendo con auga bendita a cada un dos asistentes en lembranza do seu bautismo.

Despois da oración dos fieis, tivo lugar a presentación das ofrendas, feita por catro persoas maiores. Nunha cestiña presentaron ó Señor uns froitos da terra, colleitados en Cazás, e presentaron o pan e o viño que se van converter no Corpo e no Sangue de Cristo. Continuou a Eucaristía. Despois da comunión na que participaron moitos fieis, unha rapaza deu as grazas a Deus. Rematou a Eucaristía cun canto a Nosa Señora, á Virxe María.

A continuación, dado o mal tempo –estaba nevando- non se puido ir ó cemiterio, que está separado do templo, onde se fixeron unhas preces e se rezou un Noso Pai e unha oración final polos defuntos. Tamén lles explicou o significado da palabra cemiterio.

A fotografía dos asistentes á Visita Pastoral fíxose dentro do templo, diante do retablo, debido ó mal tempo reinante.

O bispo foise despedindo de todos e cada un dos asistentes que se foron para as súas casas moi contentos e felices polo encontro co seu pastor, salientando, sobre todo, o seu agarimo, a súa sinxeleza e a súa cercanía .

VISITA PASTORAL Á PARROQUIA DE SAN MARTIÑO DE CODESIDO

A Visita pastoral á parroquia de San Martiño de Codesido (arciprestado da Terra Cha) celebrouse, tal e como estaba prevista, o domingo, día vinte e un de decembro deste ano do Señor de 2025, ás cinco da tarde.. Amenceu un día chuvioso e moi frío. Nos pasou en todo o día o termómetro de 2 graos, ó principio mesmo caía auga neve para despois do mediodía nevar. Pero isto non foi óbice para que participase un número importante de fieis, e acudisen ata o templo pese ás inclemencias meteorolóxicas.

A bispo antes de ir para a igrexa parroquial, visitou a dúas familias con persoas maiores e enfermas. Despois desplazouse ata o castro no que está situado o templo onde o agardaban os fieis nun pórtico que hai no adro e tamén dentro do templo. Empezou saudando persoalmente un por un a cada un dos asistentes. Xa dentro do templo, que estaba cun bo grupo de fieis, saudou tamén ós que estaban alí dentro. Unha vez que se revestiu cos ornamentos litúrxicos, xa no altar, foille dada ó señor bispo polo párroco a benvinda a esta parroquia de San Xiao de Cazás que o acolleu coma o seu pastor abríndolle, ademais do templo, as casas e os corazóns. A continuación o párroco fixo unha breve semblanza biográfica de don Fernando, para que o coñecesen.

Na Eucaristía, que se celebrou a continuación, participaron activamente os rapaces e rapazas da parroquia. A parte musical foi animada por José Antonio Ladra, que ven sempre que hai una festa: polo patrón, polas primeiras comunións, pola confirmación.

Despois da lectura do Evanxeo, tivo lugar a homilía na que don Fernando falou do que era Visita Pastoral e o que supón ou debe supoñer para cada un dos fieis. Resaltou que os cristiáns deben ser as mans, a cabeza e o corazón de Cristo. Subliñou tamén a importancia da oración na vida cristiá e propuxo que cada un rezase, polo menos unha vez ó día, un Noso Pai como compromiso da Visita Pastoral.

Unha vez rematada a homilía, foron renovadas por todos os asistentes as promesas do bautismo que fixeron, no día do seu bautismo, os seus pais e os seus padriños. Fíxose contestando “si creo” ás distintas preguntas que lles fixo o señor bispo. Logo o bispo polo pasillo central foi asperxendo con auga bendita a cada un dos asistentes en lembranza do seu bautismo.

Despois da oración dos fieis, tivo lugar a presentación das ofrendas, feita por tres persoas maiores. Nunha cestiña presentaron ó Señor uns froitos da terra, colleitados en Codesido, e presentaron o pan e o viño que se van converter no Corpo e no Sangue de Cristo. Continou a Eucaristía. Despois da comunión na que participaron moitos fieis, unha rapaza deu as grazas a Deus. Rematou a Eucaristía cun canto a Nosa Señora, á Virxe María.

A continuación, dado o mal tempo –estaba nevando- non se puido ir ó cemiterio, que está separado do templo, fixéronse unhas preces e rezouse un Noso Pai e unha oración final polos defuntos. Tamén lles explicou o significado da palabra cemiterio

O bispo foise despedindo de todos e cada un dos asistentes que se foron para as súas casas moi contentos e felices polo encontro co seu pastor, salientando, sobre todo, a súa sinxeleza, o seu agarimo e a súa cercanía. A fotografía con todos os asistentes tamén se fixo dentro da igrexa parroquial.